



Unha ollada feminista á Igrexa entre o luscofusco da esperanza

María Pilar Wirtz Molezún¹

1.- Acceso das mulleres ao presbiterado: situación actual

Achegarse á nosa Igrexa desde unha ollada crítica feminista e, polo tanto, identificada coa causa liberadora das mulleres, supón entrar nunha aventura incerta e mesmo algo frustrante. Se esta ollada apunta na dirección do acceso das mulleres ao Ministerio Ordenado, tema que nos ocupa neste XXXIII Foro de Encrucillada, o risco de entrar nun carreiro sen saída parece evidente. Recoilo algúns datos de como está actualmente esta situación.

A Pontificia Comisión de Estudo sobre a muller na sociedade e na Igrexa, constituída polo papa Paulo VI, funcionou entre os anos 1974 e 1976. A Comisión Bíblica tratou o tema do sacerdocio das mulleres e presentou un documento titulado «Poden as mulleres ser sacerdotes?» Neste documento concluíase que o Novo Testamento non proporcionaba unha resposta definitiva a esta cuestión².

A Congregación para a Doutrina da Fe, con data 15 de outubro de 1976, preparou unha Declaración sobre a admisión das mulleres ao sacerdocio ministerial *Inter insigniores* sen consultar e sen ter en conta as conclusións á Comisión Teolóxica Internacional. Este documento presenta os argumentos teolóxicos aceptados en-

1 Pilar Wirtz Molezún forma parte do Consello de Redacción da Revista Encrucillada. É relixiosa da Compañía de María, promotora da Rede Miriam de Espiritualidade Ignaciana Feminina e facilitadora de grupos de acompañamento.

2 Neste apartado recoilo a información de, PHYLLIS ZAGANO, *Sábado Santo*, Edit Verbo Divino Altheia 2018. Páx 45-95